



ROGO PARA O ESTUDO E EXECUCIÓN DUN SISTEMA DE ILUMINACIÓN PARA O PARQUE DO POZO DA NEVE EN MEIXONFRÍO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A existencia de espazos verdes e lugares de lecer, cando vai acompañada dunha atención ás necesarias dotacións e ao seu coidado, son un dos principais indicadores da calidade de vida nos contornos urbanos, achegando un valor engadido para o atractivo residencial. Nesa liña, o Concello de Santiago, froito dun proceso acumulativo de anos, posúe unha ampla oferta de parques e xardíns que supera a media da maior parte das cidades españolas.

A rede de espazos verdes da cidade foise mellorando co paso dos anos, incorporando elementos que reforzan o seu valor como lugares saudables e de socialización da súa contorna, atendendo ás diferentes necesidades da poboación. Entres os elementos destacan os de mobiliario público, áreas de xogo, xardinería e iluminación, presentes na maior parte dos parques composteláns.

Na parroquia de San Caetano, á beira da estrada N-550 está situado o parque do Pozo da Neve, construído polo ano 2006 coincidindo coa ampliación e mellora da estrada que comunica coa Coruña. A súa área, cunha superficie duns 4.500 m², vén a ocupar un outeiro no que se asentou un vello castro e onde, dende tempo inmemorial, nun pozo construído entre rochas se conservaba de forma natural o xeo, tal e como testemuña o topónimo que aínda perdura. O caso é que ese parque, no que se atopa unha área recreativa, carece dun dos elementos primordiais nun contorno urbano como é a iluminación pública, unha eiva que limita o uso en boa parte do ano e que reduce tamén a sensación de seguridade nese lugar elevado e con árbores a onde non chegan os efectos da iluminación viaria próxima, tal e como nos teñen referido persoas veciñas.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Concello se estude a posibilidade de instalar algúns puntos de luz que permitan alongar a estancia das persoas usuarias e mellorar a percepción de seguridade no parque público do Pozo da Neve, no Meixonfrío, e que se considere a colocación dun panel informativo sobre a historia deste enclave nun lugar visible.

Santiago de Compostela, a 6 de xullo de 2018

María José López Corral
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.